

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións ( [SGA](#) [PEIO](#) ), o grupo de investigación Modelización, Optimización e Inferencia Estatística ( [MODES](#) ) da Universidade da Coruña ( [UDC](#) ) e a [Rede de Tecnoloxías Cloud e Big Data para HPC](#) organizan unha Xornada sobre Big Data e Estatística.

O gran avance experimentado nos últimos anos polas tecnoloxías da información, unido ao crecemento das aplicacións dispoñibles en internet, motiva que as organizacións teñan que afrontar novos retos que lles permitan analizar, atopar e entender moito máis do que lles permitían as ferramentas tradicionais. Todo isto deu lugar o fenómeno coñecido como Big Data, o tratamento e análise de enormes repositorios de datos, tan desproporcionadamente grandes que resulta imposible tratalos coas ferramentas estatísticas e computacionais convencionais. O obxectivo desta reunión é promover este novo eido do coñecemento.

O encontro terá lugar o día **19 de xuño de 2015** na Facultade de Informática ( [FIC](#) ) da UDC na [Coruña](#) (Galicia, España). A xornada, que conta con recoñecidos expertos neste eido, incluírá catro conferencias, tres delas do ámbito da universidade e unha da empresa, ademais dun obradoiro sobre Big Data con R.

Esperamos vervos pronto, desfrutando da xornada e da cidade!

O Comité Organizador

